

NATACIÓN

A partir do mes de Outubro continúan os cursiños de natación dun só día á semana na **PISCINA MUNICIPAL DAS TRAVESAS**. CADA ALUMN@ SÓ PODE ESTAR INSCRITO NUN CURSIÑO

Esta actividade é cuadrimestral e, ten un custo de **31€** /cuadrimestre. Para a inscrición na mesma, podedes consultar a información e descargar os formularios na nosa web **www.anpavilalaura.org**

RENOVACIÓNS para ALUMNOS CON PRAZA NO 2º cuadrimestre do ano pasado: do 5 ao 11 de Setembro.

- Facerse socio da A.N.P.A
- Cubrir o documento de renovación que está na web, realiza-lo pago e enviar ambos ao noso correo anpamagnoliavilalaura@gmail.com ou deixalos nalgún dos nosos buzóns.
- A renovación implica continuar a actividade no mesmo día e hora que no último cuadrimestre do curso pasado.

Non renovar nos prazos sinalados significa perder a praza, que se porá a disposición dos novos alumnos.

NOVAS INSCRICIÓNS: do 12 ao 18 de Setembro, para nen@s que non estaban apuntados previamente e novos alumn@s

A inscrición será por escrita. Farase da seguinte maneira:

1. Facerse socio da A.N.P.A.(en caso de non selo).
2. Preguntar na ANPA a dispoñibilidade do cursiño elixido e, posteriormente, facer o pago correspondente da cota cuadrimestral da natación (**31€**).
3. Cubrir o formulario de inscrición que está a continuación e facer o pago correspondente da cota cuadrimestral da natación.
4. Enviar os formularios e o xustificante de pago ata o día 18 (inclusive).

Nota importante: non se reservarán horarios nin se manterán as prazas se non se pasa pola A.N.P.A. e se cumprimenta a documentación tal e como se explica máis arriba.

Como estas prazas son moi limitadas, a A.N.P.A. ten un acordo co XIMNASIO TRABAZOS (Rúa Romil, nº79, detrás do Fleming), polo que os socios da A.N.P.A. obterán un desconto familiar (solicitar Certificado de ser socio da ANPA).